



RESOLUCIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 2016, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CURTIS, NO CONCELLO DE VILASANTAR (A CORUÑA), PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE 2014/0136).

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro), establece, no artigo 7.2.a, que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do Capítulo II (Título II) da dita lei.

O proxecto obxecto do presente informe está comprendido no grupo 1.a. do anexo II (Proxectos de concentración parcelaria que non estean incluídos no anexo I, cando afecten a unha superficie maior de 100 ha), da antedita lei, polo que de acordo co artigo 47, procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Os principais elementos da análise ambiental do proxecto son os seguintes:

1. Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1 Obxecto do proxecto e descrición

O proxecto ten como finalidade o desenvolvemento da concentración parcelaria da zona de Curtis no Concello de Vilasantar, Provincia da Coruña.

A superficie total da zona a concentrar é aproximadamente de 1.430 ha. No proxecto da rede de camiños da zona de concentración parcelaria, a lonxitude total dos camiños previstos é de 26.680 metros, dos que 11.615 metros son camiños de nova apertura.

O perímetro a concentrar comprende as terras dedicadas á labranza, prado e monte na parroquia de Curtis no Concello de Vilasantar.

1.2 Localización

O perímetro da área da concentración parcelaria presenta os seguintes límites xeográfico - políticos: Ao Norte: Parroquias de Curtis e Fisteus (Concello de Curtis); Ao Sur: Parroquia de Présaras e Vilariño; Ao Leste: Parroquias de A Ciadella (Concello de Sobrado) e Vilariño e ao Oeste: Parroquia de Fisteus (Concello de Curtis) e Armental.

1.3 Promotor e órgano substantivo.

O promotor e órgano substantivo do proxecto é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

2. Tramitación

En data 25 de novembro de 2014, recíbese na agora Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o documento ambiental do proxecto de referencia aos efectos iniciar a tramitación conforme a Lei 21/2013.

O 16 de decembro de 2014, notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas previsto no artigo 46 da citada Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X
Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes (Agora Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal)	X
Augas de Galicia	X
Concello de Vilasantar	X
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	-
Sociedade Galega de Ornitoloxía	-

Asemade, o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Como resultado deste trámite non consta a recepción de ningunha resposta.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza informa que examinado o proxecto e solicitado informe ao servizo territorial, faise unha análise na que se indica que:

- A área na que se sitúa o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais, das recollidas ao amparo da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, respectivamente, nin tampouco afecta á Rede Natura 2000.
- Non se afecta a humidaís dos recollidos no Inventario Galego de Humidaís.
- Non se afecta a árbores senlleiras, incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.
- Segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España, atópanse os seguintes hábitats naturais de interese comunitario:
 - Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*) Código 3110.
 - Uceiras secas europeas. Código 4030.
 - Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Código 4020*.
 - Uceiras oromediterráneas endémicos con xestas. Código 4090.
 - Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno – Padion, Alnio incanae, Salicion albae*). Código 91E0*.
 - Carballeiras galaico – portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Código 9230.

O Servizo de Conservación da Natureza da Coruña aporta información relativa á presenza dos seguintes hábitats:

- Uceiras secas europeas. Código 4030.
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*. Código 4020*.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno – Padion, Alnio incanae*,



- Salicion albae*). Código 91E0*.
 - Carballeiras galaico – portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Código 9230.
 - Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo limosos (*Molinion caeruleae*). Código 6410.
 - Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*). Código 6510.
 - Ríos dos pisos basal a montano. Código 3260.
 - Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chairas. Código 6430.
- No estudo presentado non hai un traballo de campo do medio biótico e abiótico que sirva para contrastar a información que se incorpora de distintas bases de datos. En relación aos hábitats preséntase a información do inventario nacional de hábitats, non habendo sequera un estudo de vexetación propio da zona concreta de actuación, nin dos hábitats nin do resto das formacións presentes, e a hora de salvagardar taxóns protexidos se obvian ás especies do anexo V, *Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade*, que por defecto están amparadas no catálogo galego.

Conclúe que en definitiva, e de conformidade coa normativa de aplicación, o estudo ambiental analizado acométese nunha fase preoperacional, polo tanto sen concreción das actuacións a acometer e das medidas específicas a adoptar. Ademais, as medidas que se propoñen teñen un valor relativo dado que non hai un inventario de campo do medio biótico e abiótico, habendo un descoñecemento, por tanto, dos posibles valores realmente asentados no lugar da concentración.

Non obstante, segundo as bases de datos manexadas, non é un entorno con espazos protexidos, non habendo polo tanto limitación a este respecto; en relación ao demais e de estimarse oportuno seguir co proceso coa información aportada, sinalan unha serie de limitación e propoñen unha medidas e directrices que se incorporan no apartado 4 de condicións ambientais do presente informe.

O Instituto de Estudos do Territorio, conclúe que o proxecto provocará un impacto paisaxístico medio, debido ao aproveitamento en grande medida da rede de camiños xa existentes, e ao mantemento e a recuperación da vexetación autóctona paralela aos camiños. Se ben deben tomarse unha serie de precaucións que empoñen no seu escrito e se recollen no apartado 4 do presente informe.

Ademais indica que se o órgano ambiental adopta a decisión de someter este proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, en cumprimento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, deberá incorporarse no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística, e describe os contidos que debe ter o estudo de acordo coa antedita Lei 7/2008 e coa Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural fai unha serie de consideración técnicas e legais sobre o proxecto, e sobre o contido do documento ambiental, e continua dicindo que despois de examinar a documentación remitida e de ver o informe do Servizo de Arqueoloxía e do Servizo de Arquitectura e Etnografía, informa no ámbito das súas competencias que:

- O proxecto pode ocasionar impactos sobre o patrimonio cultural, a pesar de que o promotor adoptou como medida protectora previa, a realización dunha prospección arqueolóxica previa.
- O deseño da rede de camiños tivo en conta as áreas de protección establecida no PXOM, agás no entorno da Igrexa de San Vincenzo de Curtis. No traballo de prospección

arqueolóxica localizáronse novos bens, de carácter arqueolóxico e etnográfico, que ao non estar incluídos no catálogo non foron tidos en conta no deseño da rede de camiños. Neste sentido é preciso sinalar que a rede de camiños proposta ocasiona impactos, dos que é preciso definir o seus grados, sobre os seguintes bens: Mámoa da Vergela, Fonte dos Mouros, Muíños do río Seixo, Muíño de Bray e Muíño de Morengos, ademais da Igrexa de San Vincenzo e do Camiño Norte e o seu Territorio histórico.

- Consideran axeitadas as medidas propostas na documentación remitida, cara a protección do patrimonio, aínda que, faise necesario establecer un programa de medidas adicionais, tendo en conta a posible afección a elementos singulares.
- Conforme o indicado nas consideracións técnicas do seu informe, estiman que se debería eliminar ou modificar os seguintes camiños propostos no documento ambiental: C-3-4 e C-8-3.

Tanto si o proxecto é obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada como ordinaria, no que respecta á protección do patrimonio cultural, debe de incorporarse unha serie de documentación, que se recolle no punto 4 de condicións ambientais deste informe. E solicita que, no caso de que o proxecto sexa sometido a unha avaliación de impacto ambiental simplificada, lle sexa remitida para o seu informe. No caso de que o órgano ambiental adopte a decisión de someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria, a documentación incorporárase ao estudo de impacto ambiental, que deberá ser informado por esa dirección xeral.

A Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes remite o informe do Servizo de Montes da Coruña onde se informa que a zona de actuación non afecta a ningún monte de xestión pública, catalogado nin clasificado como monte veciñal en man común.

Indica que segundo o informe do distrito forestal non se constatou afección ás pistas forestais existentes, nin a devasas ou puntos de auga, e que non se ten constancia no distrito de expedientes de subvención que poidan resultar afectados. Tampouco se ten constancia de masas ou rodais selectos ou parcelas de experimentación. Non se ten coñecemento de montes baixo certificación forestal de sostibilidade.

Con respecto a posibles impacto ambientais, o distrito forestal subliña a abundancia na zona de actuación de masas de frondosas caducifolias. Segundo se desenvolva o proxecto, poderíase causar afección a estas masas, resultando de interese a súa conservación na medida do posible. E xuntan un plano elaborado por dito distrito no que se indica a situación das masas de frondosas caducifolias.

Augas de Galicia inicia o informe cun resumo dos antecedentes e a lexislación, fai un resumen do proxecto e unha análise da documentación.

A continuación informa sobre a rede fluvial existente da zona e sobre as zonas protexidas indicando a este respecto que non se atopa ningunha zona protexida recollida no Catálogo de Zonas protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa, aprobado polo Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro. En relación aos aproveitamentos hídricos indica que a información que deberá recoller a documentación do proxecto. E continúa relatando os usos actuais e previstos segundo a documentación ambiental, indicando as recomendacións para evitar as posibles incidencias no medio hídrico e as obrigas legais ao respecto.

Conclúe que por parte dese organismo, considerase que as medidas protectoras e correctoras a adoptar, previstas polo promotor determinan que os impactos ambientais non resulten significativos, si ben recomendan que se complementen coas consideracións expostas no seu informe.



O Concello de Vilasantar informa que non se prevé a existencia de impacto ambientais significativos tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural no documento ambiental da zona de concentración parcelaria de San Vicens de Curtis, Vilasantar.

3. Análise segundo os criterios do anexo III.

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, realízase a seguinte análise do proxecto, segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

3.1 Características do proxecto

A superficie total da zona a concentrar é aproximadamente de 1.430 ha. No proxecto da Rede de Camiños da Zona de Concentración Parcelaria, a lonxitude total dos camiños previstos é de 26.680 metros, dos que 11.615 m son camiños de nova apertura. O perímetro a concentrar comprende as terras dedicadas á labranza, prado e monte.

3.2 Localización do proxecto

O perímetro da área da concentración parcelaria presenta os seguintes límites xeográfico - políticos:

- Ao Norte: Parroquias de Curtis e Fisteus (Concello de Curtis).
- Ao Sur: Parroquia de Présaras e Vilariño (Concello de Vilasantar).
- Ao Leste: Parroquia de A Ciadella (Concello de Sobrado) e parroquia de Vilariño (Concello de Vilasantar).
- Ao Oeste: Parroquia de Fisteus (Concello de Curtis) e parroquia de Armental (Concello de Vilasantar).

O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais, das recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, nin tampouco afecta á Rede Natura 2000.

O proxecto non afecta a árbores ou formacións senlleiras, incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras na Orde do 3 de outubro de 2011, pola que se actualiza o dito Catálogo. Tampouco afecta a humedais dos recollidos no Inventario Galego de Humedais.

3.3 Características do potencial impacto

O proxecto afectará a unha superficie de 1.430 hectáreas, e a proposta de rede de camiños establece unha lonxitude total de 26.680 metros dos cales, un 56% aproveitarán o trazado de camiños existentes.

As fases nas que se producirán a maior parte dos impactos serán a construción da rede viaria e o acondicionamento de fincas. Poderán producirse compactación puntuais do solo polo paso da maquinaria pesada, aumento do tráfico de vehículos, rúidos, vibracións e po asociados á execución das obras e de maneira temporal.

A eliminación de lindes provocará procesos de eliminación de vexetación que levará a redución de hábitats de especies, etc. Neste sentido, segundo o descrito na documentación ambiental, o deseño da nova rede de camiños procurouse a maior conservación da rede de camiños existentes, conseguindo unha redución ao mínimo posible da apertura de novos. As novas trazas deseñáronse aproveitando ao máximo a rede viaria existente, minimizando o acceso ás

fincas e conservando, na medida do posible os valados, lindes arboradas, sebes, etc. Evitando trazados por zonas de alto valor natural, axustando ao máximo as rasantes dos novos camiños ás do terreo con trazados relativamente uniformes.

En canto ao impacto sobre a hidroloxía, como cursos de auga de importancia dentro da zona de concentración parcelaria atópanse: O río Albeiro (ou rego do Albeiro) e o seu afluente o rego de Follente, que discorren polo noroeste da zona de concentración formando límite natural coa parroquia de Fisteus. E o río Cabalar que discorre polo sueste da zona a concentrar formando límite natural, en parte, coa parroquia de Vilariño.

Poderán verse alterada a calidade das augas pola erosión e os aportes de sólidos en suspensión polos arrastres e pola incorporación doutros contaminantes como formigón, aceites, ou fertilizantes e fitosanitarios que afectarían tamén de forma indirecta á vexetación e á fauna, para o que se propoñen medidas protectoras e correctoras coas que no se espera que se provoquen impactos significativos.

Na actualidade a zona de concentración predominan os cultivos forraxeiros e as praderías, con masas forestais de conífera e caducifolias, intercaladas con mato. Os bosques de caducifolias autóctonas formados por carballos, bidueiros e salgueiros localízanse principalmente nas beiras dos ríos Follente e Cabalar, restrinxindo o mato ás zonas máis altas.

Con respecto á vexetación de ribeira localizada no entorno dos ríos, tanto na súa marxe como na zona de policía, no propio documento ambiental recóllese que se prevén medidas de conservación estrita de estas zonas, así como para os bosquetes autóctonos e os hábitats de interese comunitario, polo que non deberían verse afectados.

En relación coa afección á vexetación e aos hábitats, dentro da zona de concentración atópanse, total ou parcialmente, 7 teselas contendo hábitats de interese comunitario, se ben, tendo en conta os criterios establecidos na rede de camiños só son afectadas superficies moi pequenas das teselas con hábitats por camiños de nova creación e sempre en superficies cos lindes destas teselas.

No que se refire ao impacto sobre os bens do patrimonio cultural, conforme ao informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o proxecto poderá ocasionar impactos sobre os bens do patrimonio cultural. Existen varios camiños proxectados, coma o C-3-4 e o C-8-3 que afectarían a áreas de protección de bens do patrimonio cultural incluíndo o Territorio histórico do Camiño Norte de Santiago, polo que co obxecto de minimizar e controlar estes impactos establécense unha serie de medidas a cumprir polo promotor. Ademais, a rede de camiños proxectada ocasionaría impactos sobre unha serie de bens dos que é preciso definir os seus grados, polo que deberá elaborarse a documentación correspondente a este respecto e obter o informe favorable da antedita dirección xeral conforme se recolle no punto 4 do presente informe.

Ademais no caso do camiño C-3-4, aínda que se proxecta sobre un sendeiro existente, polas súas características a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural considérao de nova apertura, polo que o impacto podería cualificarse de severo se se ten en conta a distancia á Igrexa de San Vincenzo de Curtis. Asemade, considerando que a 85 metros da mesma xa se proxecta outro camiño novo (C-3-1), estiman entón que o camiño C-3-4 debería eliminarse ou buscar unha alternativa que non remate a carón da igrexa e non discorra polo seu contorno de protección.

O camiño C-8-3 non só incide no Territorio histórico do Camiño Norte, senón que remata no mesmo trazado do camiño, ao carón do río Pedregoso. Non consideran axeitado abrir camiños de concentración parcelaria non ámbito do Territorio histórico, polo que recomendan buscar outra conexión coa estrada a Vilariño (coincidente coa traza do Camiño Norte) que non sexa polo sendeiro existente, que en todo caso debería respectarse e preservarse coas súas características tradicionais.



Con respecto ao impacto paisaxístico, visto o informe do Instituto de Estudos do Territorio, o proxecto provocará un impacto paisaxístico medio, tendo en conta, como xa se indicou, o aproveitamento da rede de camiños e a recuperación da vexetación autóctona paralela aos camiños. De aplicarse o criterios de integración paisaxística recollidos no documento ambiental e tendo en conta as precaucións expostas no seu informe que deberán terse en conta no desenvolvemento do proxecto, a concentración parcelaria resultará congruente coa fisionomía propia do lugar.

4. Condicións ambientais.

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan ou matizan as anteriores:

4.1. Protección da atmosfera.

Os niveis de presión sonora debidos ás obras asociadas ao proxecto cumprirán coa normativa vixente tendo en conta, no seu caso, o establecido nas ordenanzas municipais ao respecto. No caso de que se superen os valores legalmente establecidos, teranse que adoptar as medidas correctoras oportunas.

4.2. Protección do solo.

4.2.1. Movementos de terras.

En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes. No caso de que do estudo de compensación de terras, se verifícase a existencia de excedentes, definiranse as posibles zonas para o seu depósito. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no contorno.

Se houbese sobrantes procedentes de movementos de terras, previamente ao seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar cos correspondentes permisos. En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terras.

4.2.2. Rede de camiños.

O deseño da rede de camiños de concentración deberá ter en conta os criterios indicados no documento ambiental, e as seguintes medidas:

- Os viais que se deseñen deben ter moi presente a biocenose e a paisaxe, evitando a afección aos hábitats máis sensibles e importantes (masas de frondosas autóctonas, hábitats prioritarios, humidaes e hábitats fluviais).
- Como se recolle no documento ambiental, evítanse longos tramos de trazado rectilíneo, sendo preferible que a traza se adapte ao relevo natural do terreo co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da infraestrutura e evitar a erosión e o efecto cuadrícula e minimizar o movementos de terras ao máximo. Aproveitarase ao máximo posible a traza dos camiños existentes, ben sexan forestais ou convencionais, minimizando a execución de novos accesos ás parcelas.
- Os noiros deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos, adoptaranse as medidas pertinentes que garantan que non se orixinen desprendementos.

- Como norma xeral, os camiños non superarán unha anchura total, incluíndo cuneta e beiravía, de 6 metros para os de acceso agrícola e de 8 metros naqueles que comuniquen parroquias ou núcleos entre si. En zonas de monte, a anchura das pistas será a necesaria para o mantemento dun uso forestal, sendo preferible que sexa a mínima que permita a manobra da maquinaria, creando cada certa distancia sobreanchos a modo de apartadoiros que permitan o xiro dos vehículos e a acumulación da madeira de corta ata o seu transporte. Minimizarase o número de ramais cegos.

4.2.3. Materiais de préstamos e canteiras.

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Asemade, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para as bases ou sub-bases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos resultantes deberán ser restaurados ao remate da obra.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

4.2.4. Emprego de formigón.

De ser preciso o emprego de formigón, evitarase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

4.3. Protección das augas e dos elementos asociados.

Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso a Augas de Galicia.

Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e no Regulamento do dominio público hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións). Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.

Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria.

Deberase recoller a existencia de aproveitamentos ou captacións de auga, e determinar as accións encamiñadas a manter a súa protección.



Deberán recollese as posibles afeccións ás captacións de augas como consecuencia das actuacións propostas e contemplar a súa reposición no caso de que se vexan afectadas polas actividades previstas na ordenación proposta, tendo en conta o recollido ao respecto no Regulamento do dominio público hidráulico. O titular das obras deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión ou, no caso de que non a teñan, para solicitar a posible legalización do aproveitamento.

Recordar que en todo caso, calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do Texto Refundido da Lei de Augas.

Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes sen detrimento das que figuran no documento ambiental:

- Prestarase especial atención ao balizamento de ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.
- Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escorregadas, chuvias ou enchentes.
- Co obxecto de prever fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. O modelado dos noiros resultantes, se é o caso, evitará formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración co medio natural e coa paisaxe.
- Nos parques de maquinaria realizaranse pequenas obras de contención hidráulica (canles, gabias ou muretes de terra) que impidan que as augas procedentes do exterior penetren neles e que as augas procedentes do parque poidan difundirse libremente no medio. Estas zonas deberán ser rehabilitadas unha vez remate o proceso de concentración.
- A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas.

En todo caso, para as cortas de vexetación que se realicen en zona de policía teranse que establecer como mínimo as seguintes condicións que deberán recollese na documentación do proxecto:

- Cortaranse primeiro as árbores mortas, enfermas, seriamente danadas ou que a súa estabilidade sexa comprometida.
- Terase coidado en non danar o resto de arborado da zona cando se realicen os traballos de corta, xa que a vexetación desa zona cumpre funcións fundamentais para a estabilidade do ecosistema fluvial, tales como dar estabilidade ás beira da canle, subministra sombra ás augas do río, regulando a temperatura e entrada de luz, e aportando materia orgánica entre outras.

4.4. Xestión de residuos.

- Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte á vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou

entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto, xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

- Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso deberá contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase a súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación aos solos mediante pase de grada ou fresa, diminuíndo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.

4.5. Protección da fauna, vexetación e hábitats

4.5.1. Xestión e protección da vexetación.

Evitarase na medida do posible a eliminación das especies vexetais e hábitats naturais existentes, así como a súa disposición e funcionalidade. Os hábitats de interese comunitario ou de carácter prioritario, serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias.

Terase en conta a este respecto o recollido no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten ás especies de fóra da rede Natura 2000.

En base ao anterior, estímase conveniente facer unha prospección previa a calquera actuación co obxecto de detectar a presenza de especies e hábitats protexidos pola lexislación vixente.

Buscarase a preservación dos corredores ecolóxicos, ecotonos e outros hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural e paisaxístico (vexetación de ribeira, sebes, valados de pedra, bancais, corredoiras, aliñacións de árbores, árbores illadas de interese, etc). Tendo en conta o elevado valor ecolóxico e paisaxístico destes elementos, o promotor deberá presentar previo ao inicio de obra ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, unha proposta concreta, definindo a localización dos de maior valor ambiental e paisaxístico que se respectarán, coa representación cartográfica pertinente, así como a proposta doutros novos para compensar os que inevitablemente teñan que desaparecer.

En relación coa preservación do arboredo, e dada a abundancia das masas de frondosas caducifolias presentes no ámbito de actuación do proxecto, dada a importancia dos ecosistemas forestais, reflectida no artigo 3 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, resulta de interese a conservación na medida do posible destas masas, en especial das de maior superficie.

Ademais, como xa se indica no documento ambiental, a eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación.

Previamente á corta de arboredo terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme ao disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.

4.5.2. Terreos forestais.

A reordenación da propiedade rústica en zonas forestais incluírá o deseño e posterior execución de infraestruturas e medidas preventivas mínimas fronte aos incendios forestais



segundo o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Fomentarase a creación de Unidades de Xestión Forestais nestas áreas.

Dado que unha fracción importante da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, ademais de cumprir en todo momento coa normativa vixente en materia forestal, en sentido amplo, teranse en conta as seguintes medidas:

- A superficie forestal será tida en conta á hora de planificar a concentración, tanto na distribución de fincas como na densidade e características da rede viaria e accesos precisos. Recalcar que as necesidades son moi diferentes en terreos agrícolas e forestais, tendo o forestal un uso extensivo e o agrícola un intensivo, o cal afecta, entre outras cuestións, as necesidades na frecuencia de uso das infraestruturas viarias, nas características dos vehículos ligados a cada tipo de explotación, así como outras necesidades inherentes a estes usos.
- Primarase o mantemento dos usos actuais do solo, neste senso evitarase a reforestación das parcelas agrícolas e dentro do posible, artellaranse mecanismos que eviten o abandono dos solos.
- As repoboacións forestais que se efectúen (tanto si se levan a cabo como traballos complementarios á concentración parcelaria como se é posteriormente na fase de explotación das novas) deberán axustarse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal. Nestas repoboacións procurarase evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e devasas para impedir unha doada propagación de incendios forestais.
- Respectarase as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e posteriores modificacións, e tomaranse as medidas necesarias para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as ditas faixas, especialmente no referente ao núcleos rurais principais e na banda de 50 metros arredor das primeiras fincas destinadas a uso agrario.
- Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluírán, sen prexuízo doutras, as seguintes:
 - Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas ou, cando menos, a aparición de frondosas acompañantes á especie principal.
 - As especies arbóreas empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá identificada a súa procedencia, utilizando material selecto sempre que sexa posible. Levarase a cabo unha vixilancia do adecuado desenvolvemento das plantacións efectuadas.
 - Recoméndase que as superficies forestais incluídas no ámbito da concentración contén cun instrumento de xestión que cumpra coa lexislación vixente.
 - Durante as cortas evítanse danos nas frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ao remate da corta procederase á limpeza dos residuos forestais.
 - Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas aos núcleos rurais.
 - Procuraranse evitar as queimas controladas.

- Minimizaranse os impactos paisaxísticos racionalizando as superficies de corta e deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.

4.5.3. Paso de animais.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos.

4.5.4. Presenza de fauna.

Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase á presenza de aves rapaces, e que o fan no chan ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

4.6. Protección do patrimonio cultural.

En relación coa protección do patrimonio cultural, cumprirase co informado pola Dirección Xeral do patrimonio Cultural:

1. Tendo en conta que varios dos camiños proxectados na rede de camiños propostos do documento ambiental afectan a áreas de protección de bens do patrimonio cultural, incluído o Territorio histórico do Camiño Norte de Santiago, estarase ao informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ao respecto, e na definición da rede de camiños estímase que se deberían eliminar ou modificar os camiños propostos no documento ambiental: C-3-4 e C-8-3.
2. Con respecto ao anterior lembrar que as parcelas resultantes da concentración que estean incluídas no Territorio Histórico do Camiño de Santiago, quedarán afectadas e seralle de aplicación a Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago.
3. Tendo en conta o anterior deberá remitirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o seu informe a seguinte documentación:
 - Estudio de detalle do entorno dos elementos afectados, considerando este entorno, como as áreas de protección definidas na normativa urbanística vixente no Concello de Vilasantar, e subsidiariamente as fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluír:
 - Distancias entre a obra e o ben, cualificación do impacto e proposta de medidas correctoras.
 - Identificación, nunha planimetría de detalle, das pistas que se pretenden executar neste ámbito. Cando coincidan con trazados existentes, aportarase reportaxe de fotos do estado actual.
 - No que respecta ao deseño, como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas no documento ambiental (parque de maquinaria, instalación de casetas, amoreamento de terras e materiais).
4. Calquera modificación do proxecto requirirá informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



4.7. Integración paisaxística

Cumprírase cos criterios de integración paisaxística recollidos no documento ambiental do proxecto de xeito que a concentración parcelaria resultante sexa congruente coa fisionomía propia do lugar, evitando as solucións de ordenación parcelaria xenérica susceptibles de xerar a perda de valores paisaxísticos, ademais terase en conta o seguinte:

- Conforme ao informado polo Instituto de Estudos do Territorio, dado que unha parte dos novos camiños afecta á unidade paisaxística de bosques autóctonos, principalmente na zona do río Cabalar, deberá prestarse especial atención á súa conservación.
- No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arborados, valados de pedra, sebes lindeiras de frondosas, etc. Para isto procurárase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos. Evitar ou minimizar a alteración da topografía natural.
- No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurárase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.
- Previamente á execución das obras retirárase e acumularase a capa superior de terra vexetal (15-30 cm) para o seu posterior emprego nos labores de restauración. Estas provisións realizaranse ao longo da traza dos camiños en montóns de altura non superior a 1,5 metros, para facilitar a súa aireación.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.
- Previamente á revexetación efectuarase un acondicionamento do terreo, procedendo a súa descompactación e labrado superficial, retirando o exceso de pedregosidade e estendendo a terra vexetal previamente amoreada.
- Os labores de restauración desenvolveranse paralelamente ao avance da obra sempre que sexa posible, co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixiarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidromenteiras e/ou plantacións efectuadas.

4.8. Outras condicións

4.8.1. Medidas para a redución de impactos.

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc, motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, daráselles información aos propietarios e á Xunta Local da zona da obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia

doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e, en xeral, calquera outra lexislación que afecte ao uso e aproveitamento da terra.

4.8.2. Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello.

4.8.3. Servizos e servidumes.

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implantar rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

4.8.4. Deterioro de infraestruturas, instalacións e servizos.

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), será preciso contar coa autorización do organismos pertinentes, en cada caso. Ademais deberán restituírse ao estado previo ao inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo.

4.8.5. Uso sostible do territorio.

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostibilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario. Na medida do posible procurarase que a delimitación, se é o caso, das novas parcelas se efectúe mediante plantación de sebes arboradas ou arbustivas, integradas por especies autóctonas existentes na zona.

4.9. Programa de vixilancia ambiental

Efectuarase o programa de vixilancia ambiental segundo o recollido no documento ambiental. Tendo en conta que se garantirá, a través dos plans de vixilancia que:

- Non se vexan afectados valores naturais protexidos (fauna, flora, ecosistemas) aínda que non fosen detectados durante a avaliación ambiental.
- Se dea cumprimento ás medidas establecidas no procedemento de avaliación ambiental.
- Asegurase o cumprimento do legalmente preceptuado, con especial atención á normativa medioambiental.

Con fin de implantar un sistema de seguimento, propoñense os seguintes mínimos de acordo co informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza:

- Seguimento efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio.
- Realización dun informe previo a calquera intervención sobre o medio. Realización de informes periódicos para o seguimento da interacción do proxecto sobre o entorno, así como sobre a efectividade das medidas adoptadas. A periodicidade deberá ser xustificada polo persoal que se encargue do seguimento, sempre que a súa cadencia sexa suficiente para garantir que se cumpran os obxectivos de conservación previstos na



documentación ambiental, a salvagarda dos valores protexidos e o adecuado control dos contaminantes (residuos, vertidos ou emisións)

- Estes informes deberán ser elaborados por persoal con capacidade técnica suficiente identificando ao redactor, a súa cualificación, data de realización así como unha descrición detallada do obxecto do seguimento.

5. Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental que conclúe que, nos termos recollidos ao longo do presente documento, non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

CONFORME,

O xefe de servizo de Avaliación
Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLVO formular o informe de impacto ambiental do proxecto de concentración parcelaria de Curtis, no Concello de Vilasantar, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A presente resolución non exime aos promotores de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e será remitido ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.6 da Lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2016.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta